

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE XUÑO DE 2017

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado por Dona Ana M^a Sixto Santos contra a aprobación definitiva da expropiación do dereito de uso no CEIP Lamas de Abade, e remisión ao xurado de expropiación forzosa da peza separada para valoración. Acórdase rexeitar as alegacións, remitir a preza separada relativa á expropiación ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia para a fixación do prezo xusto e autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga da cantidade ofertada polo Concello e que acada os 13.209,95 euros.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto de instalación de electricidade para campo deportivo e vestiarios no campo de fútbol de Lamas de Abade. Apróbase o proxecto, que ten un orzamento total de 100.640,82 euros, IVE incluído.

4.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á desestimación de solicitude de María Yolanda Martínez Taboada sobre a adxudicación do local nº 6 da nave 5 da Praza de Abastos de Santiago de Compostela. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural e Centros Socioculturais relativa á prórroga de aluguer do local sociocultural de As Cancelas, de 16 de xullo de 2017 ata o 15 de xullo de 2018. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 16 de xullo de 2017 ata o 15 de xullo de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 679,81 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 689.000 euros/ano, máis IVE de 144.690 euros/ano.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao servizo de vixilancia e seguridade nas instalacións da unidade municipal de atención ao drogodependente (UMAD). Apróbase a adxudicación do contrato á empresa Servizos de Seguridade Integral e Mantementos A-1 SL, por un importe de 37.271,92 euros/ano, máis IVE de 7.827,10 euros/ano.

8.- Proposta da alcaldía relativa á resolución de novas residencias de creación artística e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas 2017 do Concello de Santiago. Mes de xuño. Apróbase a residencia artística na Sala Agustín Magán de Mónica Paradela Cuñaroo nas datas do 12 ao 30 de xuño de 2017.

9.- Proposta da alcaldía para dar conta da sinatura de diversos convenios con entidades do sector cultural. Dase conta da sinatura dos convenios co Ateneo de Santiago (5.000 euros), a Asociación O Galo, (2.000 euros), a Asociación do Traxe Galego (3.825 euros) e a Fundación Rosalía de Castro (3.825 euros)

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e disciplinas asociadas para o desenvolvemento da Copa de España infantil de Judo (masculina e feminina): Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 6.000 euros.

2.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Agrupación Deportiva El Correo Gallego para o desenvolvemento da 40ª Carreira Pedestre Popular de Santiago: apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 12.000 euros.

3.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Baloncesto para o desenvolvemento da IV Jamboree de Clubs Minibasquet Galicia. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 10.000 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Deportes, Mocidade e Benestar Animal relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Tenis de Mesa para o desenvolvemento da eliminatoria da Liga Europea de Nacións de Tenis de Mesa. Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 2.500 euros.

5.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa ao inicio do procedemento e aprobación das bases reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2017. Acórdase iniciar o procedemento de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria para a concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento 2017. O importe total destinado a esta convocatoria é de 90.000 euros. O prazo de presentación de solicitudes é de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

6.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao recoñecemento de obriga o I Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres, edición de 2016. Apróbase o recoñecemento de obriga a favor de María Reimóndez, por importe de 2.500 euros, por ser a gañadora da edición.

7.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa ao inicio do procedemento, aprobación das bases e da convocatoria de subvencións para o fomento de actividades a prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero para o ano 2017. Acórdase iniciar o procedemento e apróbanse as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión das subvencións, ás que se destina un importe total de 27.500 euros. O prazo de presentación de solicitudes é de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no BOP.

8.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa ao expediente de aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Médicos del Mundo. Apróbase o texto do convenio, que supón unha achega de 10.000 euros.

9.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Loita contra as enfermidades do ril da Coruña, ALCER. Apróbase o convenio, que supón unha achega de 2.000 euros.

10.-Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á aprobación da programación e prezos públicos das actividades específicas e puntuais de verán realizadas na rede de Centros Socioculturais durante o período comprendido dende o 20 de xuño ao 31 de agosto de 2017. Apróbase a programación, cun gasto de 35.577,6 euros. Prevese un ingreso de 16.771,2 euros. Apróbanse os prezos públicos das actividades.